



## **MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCO DE ALIMENTOS (FEGABAN) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á CAPTACIÓN, ADQUISICIÓN, ALMACENAMENTO, E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ÁS INSTITUCIÓNS ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS NO EXERCICIO 2023**

A Consellería de Política Social e Xuventude, de acordo co Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, é o órgano que ten atribuídas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo os servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante, que lle corresponden á Xunta de Galicia.

No exercicio destas competencias, considérase adecuado desenvolver unha liña de colaboración a través de convenio coa Federación Gallega de Bancos de Alimentos (Fegaban), para facer posible o desenvolvemento das actuacións tendentes á captación e distribución de alimentos entre as entidades que constitúen a devandita federación e outras institucións de carácter benéfico ou asistencial.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular xustifícase na circunstancia da non existencia doutra entidade na Comunidade Autónoma de Galicia que se dedique á entrega de alimentos ás institucións benéficas ou asistenciais, coa finalidade de amortecer as necesidades básicas das persoas afectadas pola marxinación, o desemprego e a pobreza.

A concesión directa da axuda prevista neste convenio xustifícase por estar recollida nominativamente na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, que serve de base para a tramitación deste convenio, de acordo co establecido do artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A dotación económica orzamentada é de cen mil euros (100.000,00 €), na aplicación orzamentaria 13.03.312A.481.2 e co código de proxecto 2015 00516, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

A vixencia do presente convenio estenderase dende a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2023, financiándose, non obstante, os gastos elixíbeis realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan ao obxecto do convenio e se realicen durante o ano natural no que teña lugar a súa sinatura, en particular os derivados da adquisición, distribución e almacenamento dos produtos alimenticios.

Poderán financiarse con cargo a este convenio os seguintes gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización da actividade como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Aluguer (incluídos gastos de comunidade).
- c) Combustible e outros gastos de desprazamento.





- d) Seguros de vehículos, de voluntarios e de locais.
- e) Material de oficina non inventariable.
- f) Material de reposto de máquinas, instalacións e equipos.
- g) Teléfono e enerxía eléctrica.
- h) Gastos de publicidade, sensibilización, consultoría, formación e asesoría externa.
- i) Gastos de auditoría.
- j) Compra de alimentos para a súa distribución.
- k) Outros gastos de similar natureza.

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución da actividade financiada polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

O pagamento poderá facerse efectivo mediante libramentos parciais a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que Fegaban xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

No lugar e data da sinatura dixital

O DIRECTOR XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL  
Arturo Parrado Ponte

